

SILVERIO RIVAS

ELOXIO DO SILENCIO



DO 24 DE NOVEMBRO AO 5 DE FEBREIRO

EDIFICIO CASTELAO - MUSEO.DEPO.GAL



© Silverio Rivas, VEGAP, Pontevedra, 2022

Deposito Legal: PO 698-2022

DOSSIER PARA MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Silverio Rivas. Eloxio do silencio

Do 24 de novembro de
2022 ao 5 de febreiro
de 2023

Museo de Pontevedra,
Edificio Castelao

Comisaria: Beatriz de
San Ildefonso Rodríguez

No contexto da incidencia do Museo de Pontevedra na difusión e investigación da arte galega enmárcase a exposición '**Silverio Rivas. Eloxio do silencio**', unha revisión da obra dun artista de referencia para entender a escultura contemporánea en Galicia.

O conxunto de esculturas de Silverio Rivas (Ponteareas, 1942) presentes nesta exposición inclúe obras **desde os seus inicios na abstracción ata a actualidade**. É, por tanto, unha mostra antolóxica, aínda que deliberadamente a súa distribución non se corresponde cun percorrido cronolóxico. As **obras agrúpanse por tipoloxías ou materiais** como o están no taller do artista, e convídanos a descubrir a orixe do seu proceso creativo, sempre dirixido á procura do equilibrio, a harmonía e a perfección.

O seu primeiro contacto coa materia foi no taller de ebanistería do seu pai, profesión á que se encamiñaban os seus primeiros estudos, pero pronto descobre a necesidade de converterse en escultor e **transformar a materia en forma e volume**.

Desde o profundo coñecemento do oficio que lle proporciona a súa formación artesanal, inicia a procura dunha linguaxe de modernidade que achará a súa resposta no **expresionismo abstracto**, sendo unha das súas principais fontes de inspiración a natureza.

Cartel e portada do dossier:

Ptah

Bronce, 1980

Colección particular

A obra de Silverio é o resultado **dun respectuoso diálogo coa materia** que o vai guiando no proceso de creación. Un traballo reflexivo que leva a cabo na soidade e o silencio dos seus diferentes talleres, onde desenvolve un intenso labor de investigación, sempre coa intención de crear unha obra nova e diferente fuxindo da monotonía. Ese traballo constante é o que lle permite coñecer novas técnicas e traballar **materiais moi diversos**. Na súa etapa inicial, cando se desprende da figuración para centrarse na procura das formas puras, utiliza a **técnica da ensamblaxe**. Aos ocos e os volumes creados por módulos ensamblados seguiranlles as esculturas articuladas que nos inducen a buscar o misterio que esconden no seu interior e que ao abrirse reproducen o movemento da natureza.

Tras un longo período (1979-1986) dedicado á articulación de madeiras nobres e bronzes, a necesidade de cambio lévao a emprender unha nova **etapa centrada na pedra**. Busca o refuxio da canteira onde atopa a linguaxe co que traballar o granito e descobre o segredo da pedra, para realizar unhas esculturas nas que dirixe a súa mirada á arte exipcia. Este foi un dos seus referentes desde que visitara o Museo do Louvre na súa primeira viaxe a París, en 1972. As



Cerámica articulada
1976
Colección particular

alusións a esta arte da antigüidade están presentes nos seus traballos desde aquel momento e fanse visibles en aspectos como os perfectos pulidos das súas esculturas, no que tamén influíu a súa profunda admiración por Brancusi. A obra pétrea revela a monumentalidade dos exipcios, pero á vez consegue a sensación de ingravidez cos ocos e os espazos baleiros.

Para **evitar a monotonía** que supón o uso exclusivo dun material, alterna o traballo da pedra co metal ou a madeira, agora transformada en estruturas xeométricas nas que abre fisuras, crea ocos ou xera espazos ilusorios de luz, servíndose da cor.

Por último, debemos mencionar as obras creadas a partir de **obxectos cotiáns** achados ao azar, que ao ser manipulados obteñen unha nova vida transformados en obras de arte, seguindo o exemplo do Novo Realismo.



Silverio Rivas na súa casa-taller en Paramos-Tui

EVOLUCIÓN DA OBRA DE SILVERIO RIVAS

A exposición está composta por **60 obras** procedentes da colección do artista, de coleccións particulares e de museos e entidades: CGAC, Consorcio Zona Franca de Vigo, Afundación, Abanca e Museo Municipal de Vigo Quiñones de León.

Reflicte a evolución da súa escultura a través dos materiais e as técnicas que foi incorporando á súa obra, nun proceso de asimilación que non implica o descarte das anteriores, senón que supón un enriquecemento.

Camiño á abstracción

Desde os seus inicios na **talla de madeira**, que aprende no taller de ebanistería do seu pai, ata as obras realizadas con materiais procedentes de obxectos cotiáns, atopados ao azar, ou de poda de árbores, Silverio Rivas percorre un **longo camiño estudando e investigando** os materiais, as súas técnicas e as súas linguaxes.

Tras a madeira, a finais dos anos sesenta aprende a fundir o **bronce** no taller de Xoán Piñeiro. A comezos dos setenta, pensionado pola Deputación de Pontevedra, trasládase a Madrid. Alí estuda na Escuela de Artes Aplicadas y Oficios Artísticos de la Palma, practica debuxo de espido do natural no Círculo de Bellas Artes e traballa no taller de Francisco Barón, onde descobre novos materiais, como o **aceiro** ou a **resina de poliéster**, e aprende a traballar pezas móbiles e articuladas. Con Barón coñece a modernidade e a súa obra **inicia o camiño á abstracción**, da que sería pioneiro na



Acacia

Madeira de acacia, 1977
Colección particular

escultura galega. En Madrid tivo a oportunidade de visitar a exposición *20 años de escultura de Chillida*, un dos seus escultores de referencia, e foi testemuña da inauguración do Museo de Escultura al Aire Libre do Paseo de la Castellana, onde se mostraba o mellor da vangarda española.

Entre París e Galicia



En 1972 trasládase a **París** e ten a oportunidade de coñecer a obra de escultores como Henry Moore ou Brancusi, do que adopta os **acabados perfectos**, ou de visitar museos como o Louvre, onde descobre a **arte exipcia**, que será un referente esencial na súa obra. En 1973 regresa a Vigo, traballa no seu taller de San Pedro de Sárdoma, participa activamente da actividade cultural galega, expón tanto individual como colectivamente e en 1976 aprende a traballar a **cerámica** no Laboratorio de Formas de Sargadelos, onde realizou cerámicas articuladas. A escultura articulada fora realizada por outros artistas, como

S/T

Bronce. 1980

Colección do artista

Paco Barón, noutros materiais, pero ninguén o facía en cerámica polas dificultades técnicas que conleva.

En 1979, ano no que recibe unha Medalla de Prata na Bienal de Pontevedra, volve a París onde traballará ata 1986. É esa segunda estancia parisiense traballa para o marchante belga Hervé Thiers que lle encarga **esculturas articuladas** de madeiras nobres e de bronce, unhas obras que se caracterizan polo aspecto perfecto que lle proporciona os pulidos impolutos e que expón en diferentes cidades europeas sen perder nunca o contacto con Galicia, sendo un dos integrantes de Colectivo Atlántica.

As esculturas articuladas, dominadas polas liñas curvas, contrapóñense a aquelas nas que prevalecen as arestas e a racionalidade xeométrica coas que constrúe as esculturas de granito, material que introduce a partir de 1986 cando regresa definitivamente a Galicia e traballa directamente nas canteiras Blokdegal de Porriño. Comeza así o período no que as

esculturas monumentais, como a emblemática *Porta do Atlántico* (1989-1991) de 450 toneladas, terán un especial protagonismo.



Dolmen Novo Milenio
2000
Santiago de Compostela

Na súa casa-taller

En 1992 adquire un terreo en Regueiro (Páramos-Tui) no que constrúe a súa **casa-taller**, formada por diferentes estancias, cada unha dedicada ao traballo dun material, e un xardín convertido nun museo ao aire libre.

Silverio **alterna distintos materiais**, a pedra, o bronce, o estaño, o aceiro inoxidable, o chumbo ou a madeira, cos que establece un dialogo silencioso, no que cada material suxírelle o modo no que deber ser tratada. O cambio que necesita para evitar a monotonía trasládase tamén aos volumes e as formas por iso do peso e a dureza das obras de granito, pasa ás *Mutacións inducidas*, obxectos cotiáns atopados ao azar, ou materiais que hai no taller, que perderon o seu aspecto inicial e que transforma en pequenas esculturas, pezas de pequeno tamaño que contrastan coa grandiosidade das *Iridiscencias ramosas*, onde descobre a sorpresa que esconden as formas caprichosas coas que a natureza modelou as pólas das árbores.



Silverio Rivas na súa casa-taller en Paramos-Tui

CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Con motivo da exposición, o Museo de Pontevedra editará unha publicación monográfica na que se recollen, ademais da obra presente na exposición, outras pezas do escultor, especialmente a súa obra en espazos públicos.

A publicación inclúe varios textos en edición bilingüe en galego e castelán: unha cronobiografía e artigos con diferentes enfoques sobre a traxectoria de Silverio Rivas por parte de Javier Pérez Buján, Agar Ledo Arias e Beatriz de San Ildefonso Rodríguez.

Extractos do catálogo

Como escultor, Silverio Rivas comprendeu moi cedo que o obxecto físico impón as súas leis no proceso e, con este achado, superou a dicotomía entre realismo e abstracción, dúas categorías que deixaron de ter sentido para el porque a súa obra se converteu na proposición de ideas e intuicións subxectivas, expresadas a través dunha relación coa materia que transcende tanto a necesidade da representación coma o recurso da especulación formal como fin en si mesmo. Silverio centrouse en mostrarnos a súa verdade, obxectivada a través dun exercicio de desvelo (que atopa unha ancoraxe real e tanxible nas leis físicas) co que propón as súas ideas abstractas.

Así, é nas propiedades de cada material onde atopa problemáticas coma o equilibrio, o contraste, o baleiro, a textura, o cromatismo, o volume, a rixidez, a tensión, o espazo ou a luz. Todas elas cuestións propias da escultura coas que nos convida a reflexionar sobre o sentido das cousas mediante a creación da súa propia linguaxe, cuxas características se poderían sintetizar na idea de desposuimento.

“Algunhas ideas sobre a obra de Silverio Rivas”
Javier Pérez Buján

Sistematicamente atraído polas moles pétreas, graníticas, que emerxen da terra, Silverio Rivas estuda pacientemente o comportamento das rochas, da choiva e do vento durante os seus paseos pola montaña, territorio que ten unha importancia capital na súa obra. A Pena do Equilibrio, por exemplo, é unha paisaxe referencial. Trátase dunha configuración caprichosa da natureza que mostra unha pedra repousando sobre outra, mantendo o equilibrio grazas a un punto de contacto minúsculo. Forma parte dun conxunto de pedras xigantes na zona de Ponteareas, moles graníticas que grazas ao azar e á física se manteñen en equilibrio unhas sobre as outras, conformando siluetas que dan lugar a nomes como “a pedra do chapeu” ou “a pedra do moucho”. As formas de Silverio Rivas atopan a súa inspiración nas formas orgánicas da natureza. As súas composicións, “sen retórica, sen demagogia” (Seoane, 1997: s/p), baséanse no equilibrio da materia, do espazo, do oco, e as súas solucións recollen a experiencia dos devanceiros, dos monumentos megalíticos, primeiro, e do atectonismo da arquitectura barroca, despois. O proceso de execución, máis analítico que o proceso creativo, implica a articulación dos distintos volumes en xogos de movemento e equilibrio, moitas veces ao límite da dinámica, para poder mantérense en pé.

“Darlle significado ao lugar. A escultura pública de Silverio Rivas”
Agar Ledo Arias

“No silencio e na soidade unha obra de grande importancia estase a exhibir estes días.” (González Garcés, 1978)

Con estas palabras informábase, en 1978, da exposición das cerámicas articuladas de Silverio Rivas, unhas esculturas que foron o resultado dun profundo traballo de investigación realizado polo artista durante oito meses. O silencio está latente en toda a obra de Silverio, na súa firme intención de buscar o reflexo da natureza busca o silencio das montañas, tenta transmitir o silencio que lle revela a arte oriental e o misterio silencioso escondido na escultura

exipcia, o silencio acompaña na soidade da canteira ou do obradoiro, nunha constante investigación sobre os materiais servíndose da súa sólida formación artesanal e das posibilidades que lle ofrece a tecnoloxía.

“Interésame experimentar, nos meus obradoiros teño unha especie de laboratorio, con madeiras atopadas desgastadas, con pezas que romperon mal e que me serven de fonte de inspiración.” (Santos, 2006)

Ese interese que Silverio Rivas manifesta pola investigación lévao a experimentar con diversos materiais que vai incorporando nun proceso de asimilación, que non implica o descarte dos anteriores, senón que supón un enriquecemento. Traballa a madeira, o aceiro, o chumbo, o ferro, o xeso, o aluminio, a resina de poliéster, a cerámica, o bronce, o cemento, o formigón, o mármore e o granito, materiais aos que se enfronta sen bosquejos nin ideas preconcebidas, senón establecendo un diálogo respectuoso coa materia, que lle suxire o modo no que debe ser tratada. Por iso, afirma que, durante ese proceso, dedica “un tempo diario de dúas ou tres horas para as ideas, xa que, como afirmaba Leonardo da Vinci, a arte é mental, o resto é proceso mecánico” (Yáñez, 2012: 67).

“Eloxio do silencio”
**Beatriz de San Idefonso
Rodríguez**

SEMINARIO

A escultura galega contemporánea. Estado da cuestión

Xoves 19 de xaneiro. De 16:30 a 20:30 h

Edificio Castelao

Coordina: Museo de Pontevedra, coa colaboración da Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Con motivo da exposición 'Eloxio do silencio', o Museo de Pontevedra organiza unha xornada sobre o estado da cuestión da escultura galega contemporánea. A xornada concluirá cunha conferencia sobre Silverio Rivas e unha visita á exposición guiada pola comisaria e o artista.

Programa

Presentación da xornada

José Manuel Rey, director do Museo de Pontevedra

Breve historia da escultura galega contemporánea

Miguel Anxo Rodríguez González, profesor de Historia da arte, Universidade de Santiago de Compostela

Mesa redonda. Falar de escultura hoxe

Amaya González Reyes, artista e profesora de Debuxo en educación secundaria

Basilisa Fiestras, artista e profesora do departamento de Escultura, Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo

Javier Tudela, artista e profesor do departamento de Escultura, Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo

Modera: Xosé Manuel Buxán Bran, decano da Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo

Eloxio do silencio. Unha achega a Silverio Rivas

Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, comisaria da exposición

Visita á exposición

Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, comisaria da exposición

Silverio Rivas, artista



Soño do arroz

Bronce e madeira de palisandro, 1984
Colección do artista